



## **CÍRCULO DE SILENCIO**

### **Rede Social Galicia Sur**

#### **#CírculosDeSilencioVigo**

#### **4 de abril de 2024**

**O Pacto Europeo de Migración e Asilo terá catastróficas consecuencias para as vidas de millóns de persoas, familias, nenos e nenas que foxen de persecucións, guerras, espolio e xenocidios.**

O Pacto pretende legalizar as maiores vulneracións e represións contra estas persoas e os seus dereitos, e pretende por primeira vez desde a segunda guerra mundial arrincar a universalidade dun dereito recoñecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos: o dereito a asilo.

As comunidades afectadas, as organizacións da sociedade civil, colectivos e defensores dos DD.HH. xunto coa cidadanía, erguemos as nosas voces en loita contra esta nova realidade que se pretende, chea de sufrimento humano e vulneracións dos principais dereitos fundamentais e do Menor.

Imos loitar pola xustiza e a humanidade, por un futuro no que prevalezan a vida humana e a xustiza.

**Por que nos mobilizamos? Cales son os maiores perigos do novo Pacto?**

**1. EN TERRITORIO EUROPEO, PERO SEN DEREITOS:** Vai aplicar a chamada "Ficción Xurídica de Non-Entrada", que esencialmente significa tratar ás persoas que chegan coma se aínda estivesen fóra do territorio da UE. **Isto implica que as persoas serán detidas en masa en centros ou illas.** A regra aplícase durante os dous procesos que a continuación se explican:

**2. PROCEDIMENTO DE CONTROL PREVIO:** O *screening* é un proceso de avaliación de ata 7 días que implica a recollida de datos biométricos e unha análise de riscos de seguridade, **mesmo con menores a partir de seis anos, e con posibilidade de uso da forza.** Aplícase a todas as persoas que ingresan ao territorio europeo, provocando atrasos no acceso ao procedemento de asilo, un aumento no uso da detención nas fronteiras e controis raciais unha vez dentro do territorio.

**3. MENOS GARANTÍAS EN MATERIA DE ASILO:** Novo procedemento fronteirizo acelerado de aplicación obrigatoria. Une os procesos de asilo e retorno sen unha distinción clara entre eles, o que conleva unha avaliación menos individualizada e discriminatoria das solicitudes de asilo. Pódense rexeitar solicitudes se se considera que o solicitante pode atopar seguridade noutro país ou nun "zona" doutro país, e é obrigatoria para certas nacionalidades con baixa taxa de aceptación de asilo ou que "supoñan un risco de seguridade". Tamén se lles aplica ás familias con menores ou aos menores sen referentes adultos que "representen un risco para a seguridade".

#### **4. O GRAN PERIGO, O REGULAMENTO DE “CRISE”:**

a. **Derrogación en situacións de crise:** Os Estados poden suspender normas e leis en caso de "crise", "forza maior" ou "instrumentalización".

b. **Extensión do procedemento fronteirizo:** Esténdese o procedemento fronteirizo de asilo e/o retorno ata 6 semanas, sen excluír a familias con menores, o que podería afectar a avaliación individualizada de solicitudes de asilo.

c. En **situacións de "instrumentalización"** (interpretación de posible manipulación da situación migratoria con outros propósitos, como fins políticos ou económicos), todas as persoas serán sometidas ao procedemento fronteirizo, o que tamén **pon en risco ás ONG de procura e rescate.**

**5. MÁIS PRESIÓN AOS PAÍSES DE CHEGADA** como España, que fai xa un gran esforzo de acollida. Obrígase a pedir asilo só no primeiro país de chegada, alongando a responsabilidade destes estados.

**6. PAGAR PARA NON ACOLLER:** Sistema flexible que permite aos Estados pagar 20.000 € por persoa para non acollelas nos seus territorios. Este diñeiro irá destinado a fronteiras, screening, deportacións e que chamaron por iso PRINCIPIO DE SOLIDARIEDADE.

**7. MENOS VÍAS LEGAIS E MÁIS EXTERNALIZACIÓN DE FRONTEIRAS:** Evita a aplicación de vías legais e seguras e delega a xestión migratoria en terceiros países.

**Solidariedade e loita contra as necropolíticas e pretensións da actual U.E.**

**Únete á loita,**

**Asina este manifesto,**

**Organiza e acode ás concentracións,**

**Non máis mortes no noso nome,**

**Non ao Pacto Europeo de Migración e Asilo!**